

A MAMÁ E A PUTA

Jean Eustache, 1973


1008

ESTREA EN NUMAX: 19.09.2022 | V.O.S.E. | 211 min | +16

Alexandre é un mozo burgués cínico e egoísta que viven en París. Atópase nunha fase nihilista da súa existencia: non estuda, non traballa e apenas se interesa polos libros ou pola música. O único que lle interesa son as mulleres e, ademais, vive a conta delas. Pouco a pouco vai formando con Marie e Veronika, a pesar da inicial resistencia de ambas, un atípico 'menage à trois' que, para el, é absolutamente satisfactorio porque representa un equilibrio entre o sexual, o maternal e o material. Ao mesmo tempo, é capaz de manterse á marxe dos sentimentos de frustración ou malestar que a súa conduta pode provocar nas súas amantes.

«É á vez épica e íntima, etnográfica no seu detalle cultural e subxectiva na súa exposición dos crus nervios do corpo e a psique»

Amy Taubin, VILLAGE VOICE



O tempo da nada

Por Manu Argüelles

Se reparamos nas localizacións escollidas por Jean Eustache para empuzar *A mamá e a puta* podemos atopar unha das primeiras claves para describir a inscrición do filme no marco do Maio do 68. O café Deux Magots, onde Alexandre pasa o tempo ocioso sentado na súa terraza e inicia a súa relación con Veronika, atópase nunha zona onde floreceu a subcultura existencialista nos corenta, na rive gauche parisina. Ao empuzar alí os seus personaxes, Eustache ofrece unha crónica dun cambio, dunha transformación dun clima cultural. Os seus personaxes, trinta anos despois, gardan pouca relación cos bohemios posrománticos amantes do jazz e das novelas negras comprometidos coa liberdade e os sucesos que acontecían no país. O propio Alexandre deixa clara a súa postura:

"Comezaches a vivir sen que a anguria te agobie. Estás tranquila. Cres que te recuperaches cando en realidade afixecheste á mediocridade. Despois da crise haino que esquecer todo. Como Francia logo da ocupación, logo do Maio do 68. Diciamos que tiñamos fuxido. Tivemos a sorte de ter unha infancia e agora convérteste na muller dun executivo. Faredes moi boa parella, unha parella *nova sociedade*."

Onde ficaron aqueles 7.000 estudantes que o 20 de maio de 1968 ocuparon o auditorio da Sorbona e escoitaron unha conferencia de Sartre. Se a nova sociedade se mantén fóra de campo pero permanece aludida, toda aquela xuventude do 68 directamente aparece atrapada nunha abstracción. A angustia, ese sentimento que definía o alcance da liberdade baixo a corrente existencialista, a partir especialmente da conceptualización de Kierkegaard, incorpórase n'*A mamá e a puta* coa máis terrible das banalidades. Pura palabrería para tentar seducir, que se guinda como reproche e que é un elemento máis do resentimento pasivo-agresivo cando Alexandre non se sente correspondido.

A diagnose de Eustache é demoledora, a máis agre posible, poucos filmes respiran con tanta amargura e sen apenas retórica, cunha carencia de artiluxios enfáticos e recursos estilísticos para transmitir o malestar, como faría un Antonioni. E é que un axiña percibe que *A mamá e a puta* é un filme que sangra. Porque Eustache, na súa elección recorrente e mecánica do plano medio e o plano/contraplano está tamén a desmitificar calquera atisbo transgresor do que se supuña que era a Nouvelle Vague. Cado se recorre ao termo post-Nouvelle Vague para falar deste filme debéra entenderse como a máis aceda das respostas, servíndose de actores icónicos como Jean-Pierre Léaud e Bernadette Lafont para facela estoupar desde dentro, desde o máis absoluto baleirado de sentido.

Porque a continua discursividade do filme é sobre todo unha ferramenta para subtraer as máscaras e empurralo até os límites para rematar rebentando o propio dispositivo. Non estamos ante a representación imposible de *La Chinoise* (Jean-Luc Godard, 1967), a súa ironía desarticuladora, os xogos referenciais e a súa instrumentalización política da imaxe. A logorrea de Alexandre non só segue a outorgar o poder da enunciación á hexemonía masculina, senón que supedita a imaxe á palabra. *A mamá e a puta* testemuña a catástrofe da clase media, mostrando secamente a crueldade, a covardía e o moralismo dunha xuventude que perdeu os seus sonhos (...) Deste xeito, a partir desta impureza, o fervor nihilista acaba abrindo entre as súas carnes a máis sanguenta das carnicerías: o tempo da nada, o tempo despois do Maio do 68.